

## PEZA DO MES

marzo

2009



**RELOXO DE PETO WINDMILLS**



## RELOJO DE PETO WINDMILLS

A historia do reloxo é a crónica puntual e fidedigna do enxeño humano. Antigas civilizacións desenvolveron sistemas para medir o tempo: reloxos de sol, de auga, de lume (candeas), de area... pero carecían de exactitude polo que o home debeu recurrir á invención de elementos baseados na mecánica. A partir do século XIII aparecen os primeiros reloxos mecánicos movidos por un peso motor que facía de forza motriz. Estes primitivos enxeños foron reloxos de campanario sen esfera; xa posteriormente se colocaron reloxos públicos nas catedrais e concellos das grandes cidades con esfera dunha soa agulla e que coa sonería indican a hora facendo un gran servizo á poboación.

No século XV séntanse as bases da relojería persoal grazas ó gran invento do resorte real como forza substitutoria dos pesos, o que permitiu o inicio de investigacións científicas (como o descubrimento do "caracol" por Leonardo da Vinci) que culminarán no reloxo portátil de peto. O uso desta máquina obedeceu a unha nova concepción do tempo e unha nova visión do mundo, centrada no home.

Da peza que nos ocupa asentada no Libro de Rexistro co número 406 non temos ningunha noticia da súa procedencia, agás que ingresou por medio da Comisión Provincial de Monumentos, o mesmo que un precioso Cabrier ( Nº rexistro 405). Da mesma procedencia son dous máis, un deles, un reloxo "de cazador" Roskopf e outro que podería corresponderse co que se menciona no Catálogo de obxectos que a Comisión adquiriu dende os inicios do Museo (1895) e publicados no seu Boletín: "Saboneta antigua regalo de don Silvio Fernández". Ademais dos mencionados, o Museo Arqueolóxico conta cunha interesante colección de reloxos de peto de dife-



rentes épocas por mor do legado Parada Carballo que incluía 12 exemplares, dos que destacan un Breguet, un Longines e un Roskopf. Grazas á doazón de F. J. González o museo conserva un curioso reloxo de sereno empregado para rexistrar as roldas de vixilancia.

Ésta peza é de estilo xeorxiano (Xurxo II) posiblemente do primeiro terzo do século XVIII, modelo lepine de 5 cm de diámetro, con dobre caixa independente. A exterior, "chichonera", que sería a que levaría a decoración, non se conserva e a interior é de prata de tapa lisa (propio do estilo inglés) e esfera esmaltada en branco unidas mediante bisagra á altura da cifra XII e cun mecanismo de apertura situado debaixo da cifra VI. O colgante, que se suxeita á caixa á altura da cifra XII, é alongado e remata nun anel achatado. A tapa de cristal, está en perfecto estado. Ten dúas agullas de metal; á do minuteiro semella faltarlle a punta. O cambio horario faise polo eixe das agullas coa chave. As horas sinálanse con números romanos, en esmalte negro rodeados por raias que indican os minutos contabilizados tamén de cinco en cinco, en pequeno e con numeración arábica. Funciona co sistema *remontoir* a chave pola parte posterior da maquinaria, de latón dourado co numero de serie 5574 e a marca do prestixoso reloxeiro *Windmills. LONDON*. A galluzza está profusamente decorada cun rostro masculino e motivos vexetais e florais. O indicador das divisións do disco regulador marca de 1 a 30 esmaltadas en negro e gravadas sobre disco de prata; xirando o disco á dereita aceleramos a marcha do reloxo e á inversa o retrasamos. A forza transmítese por medio do escape de roda catalina. Os distintos elementos da maquinaria se sustentan entre catro pilares. As pezas están feitas a man e consérvanse todas as orixinais. O conxunto fascina pola exquisitez das rodas, do resorte orixinal en bo estado e a delicada e profusa decoración. Funciona perfectamente e ten un sonido maravilloso. Un modelo similar, pero asinado por *Rd. Reed. Chelmsford* consérvase no Museo Lázaro Galdiano.

Joseph Windmills (1640-1724) e o seu fillo Thomas Windmills (1678-1737) crearon espléndidos reloxos entre os anos 1671 e 1737, chegando a ter máis de dez empregados, polo que deducimos que a produción nesa época era importante. Gozaban do mecenado Real e as súas pezas forman parte das coleccións do Museo Británico, o



Museo Ashmolean e do Museo da Reloxería en La Chaux De Fonds (Suiza). Joseph Windmills, Mestre Reloxeiro dende 1702 é membro do “Excelentísimo Gremio de Reloxeiros” de Londres ós que a Carta Real de 1631 lexítima como artesáns profesionais fronte ós intrusos ou imitadores. Recibe moitos encargos de adiñeiradas familias de toda Europa no seu establecemento “*The Dial*” en St. Martins Le Grand. É unha época de prosperidade londinense e a idade de ouro da relojería inglesa pois coetáneos seus son outros grandes mestres coma Thomas Tompion ou Daniel Quare. Pola súa banda, Thomas Windmills, aprendiz co seu pai, sucédeo tralo falecemento deste, establecéndose en Tower Street. Entrou na “*Clockmakers Company*” en 1695 e foi Mestre en 1719, consolidando o prestixio da firma ó obter un contrato por 30 anos para o mantemento do reloxo da Torre de Londres. As súas obras figuran no Museo de Ciencias de Londres, no neorquino Metropolitano de Arte, no Museo Guildhall, na desaparecida Colección Wetherfield, etc. No bonaerense barrio da Recoleta, inaugúrase en 1732 a Igrexa do Pilar cun reloxo de Thomas Windmills que ten a singularidade dunha esfera de mampostería. Ademais, no Catálogo de Reloxos do Patrimonio Nacional español aparecen dous fermosos exemplos da mestría de Windmills, de estilo xeorxiano, como recolle Colón de Carvajal.

No século XVII revolucióname a ciencia reloxeira, a técnica está avalada polas artes aplicadas, o bo gusto, a calidade e a beleza. Galileo descubrira o isocronismo do péndulo e Huygens aplica os seus beneficios ó regulador e en 1675 incorpórase o resorte en espiral. A estética pasa a un segundo plano, a favor dunha maior perfección do movemento, aplicando o concepto inglés “canto máis simple sexa a caixa, mellor será o mecanismo”. O método experimental e o cálculo matemático son fundamentais na ciencia moderna. Tralo minuto, conquistado polo péndulo, perséguese afanosamente ó segundo a través do “escape libre”, a redución de roces e as compensacións térmicas. A “Compañía Inglesa de Reloxeiros” fundada en 1631 polo Rei Carlos I, reservábase o dereito a perseguir e estragar pola forza as pezas de nivel insuficiente, para protexer ó público das persoas “...que constrúan, vendan, compren, transporten ou importen, calquera reloxo, cuadrante solar, espertador, caixa ou estoxo de mala ou insuficiente cali-

*dade...*” Tal é a severidade de criterio e elegancia que garante un nivel de calidade case incompreensible hoxe. O bo gusto aliado ó “saber vivir”, ó disfrute da elegancia nos interiores, sempre á medida do home. Ata o século XVI, o reloxo posuía unha soa agulla, era impreciso e con todo aportaba información moi útil: o calendario, as fases lunares e ata o zodíaco para determinar os momentos *fastos* ou *nefastos*. Nesta época é imposible falar de industrialización na fabricación, polo que os reloxos son pezas únicas, feitas á man en obradoiros de relojería, que, as veces, tamén o son de ourivería e xoiería, pois existía certa distribución do traballo no proceso de fabricación. No século XVII introduciuse a tapa protectora de cristal e a dobre caixa, en España chamada “*chichonera*”. Comezan a usarse esmaltes para protexer e decorar as tapas. A maioría dos reloxos son redondos ou octogonais pero comezan a fabricarse con formas variadas: libro, corazón, calaveira, cuncha, flor, cruz... Xa no século XVIII, as caixas, de ouro ou prata, comezan a repuxarse; o reloxo inglés posúe decoración mitolóxica ou guerreira e o francés decoración barroca. A imaxinación dos esmaltadores ou gravadores, comporá escenas de todo tipo: bucólicas, relixiosas, chinesas, heráldicas, cinexéticas, galantes, eróticas (por encargo), retratos... Moitos deles recóbreanse de pedras preciosas (perlas, diamantes, ágatas). Aínda que ó primeiro se colgaban do colo ou no peito, a partir deste período, os reloxos irán pendurados de cadeas de ouro, prata ou metal que se suxeitan ó peto do chaleco nos homes ou á cintura nas mulleres. A leontina adórnase con decoracións diversas de teas, pedrerías, moedas ou amuletos. En 1938, no Boletín da Comisión de Monumentos de Ourense, Bouza Brey escribe. “... *el hallazgo de herraduras indica suerte y colgando de cadenas de reloj se llevan, hechas en miniatura con metales preciosos, a manera de amuletos, en los que continúa la herradura con su papel protector característico.*”

Tras un prolífico século XIX, no que destaca especialmente Suiza, os reloxos de peto ou faltriqueira foron desprazados polos de pulseira nos inicios do século XX, pero nunca se deixaron de fabricar; cambiaron os costumes, os gustos e a técnica dotándoos de maior precisión e autonomía. Hoxe en día algunhas marcas seguen a fabricalos, uns de baixa calidade e outros dunha altísima gama, como os Patek Philippe.

O reloxo sempre foi un obxecto de prestixio, segundo que época ou lugar o que puido fíxose cun. En moitas familias, tanto polo seu compoñente familiar e sentimental como pola fascinación que espertan, consérvase o reloxo do bisavó que voltou de Cuba ou Arxentina co prezado ben, xa que a emigración (e as guerras) foron circunstancias propicias para elo... As fantásticas maquinarias e decoracións os converte en cobizadas pezas de coleccionista e tamén son usados a diario por nostálgicos que disfrutaban do seu encanto e beleza.


*“El progreso no consiste en aniquilar hoy el ayer, sino al revés, en conservar aquella esencia del ayer que tuvo la virtud de crear ese hoy mejor.” Ortega y Gasset*



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na nosa páxina web:

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

**O horario de visita é o seguinte:**

martes a sábado: 9,30 a 14,30h

16,00 a 21,00h

domingo: 9,30 a 14,30h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

**Horario de atención ao público:** de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: M<sup>a</sup> del Pilar Núñez Sánchez.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: Eidograf.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE